

[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia réunese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**, o día **24 de outubro de 2024**, ás **16:00 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Noa Olalla Presas Bergantiños

(Presidenta)

Gonzalo Trenor López

(Vicepresidente)

Julio García Comesaña

(Secretario -en funcións-)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Argimiro Marnotes Fernández

(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)

Paula Mouzo Mas

(en substitución de Cristina Sanz Arias)

José Alberto Pazos Couñago

Carmen María Pomar Tojo

(en substitución de Patricia García González)

Pablo Javier Prieto Perille

(en substitución de Noelia Pérez López)

María Felisa Rodríguez Carrera

(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)

Roberto Rodríguez Martínez

(en substitución de Manuel Santos Costa)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

María Cristina Fernández Davila

(en substitución de Rosana Pérez Fernández)

José Daniel Pérez López

(en substitución de Óscar Insua Lema)

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)

Iria Taibo Corsanego

(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Paloma Castro Rey

(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

Secretaría xeral da Presidencia da Xunta de Galicia

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao secretario -en funcións- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Comparecencia da secretaria xeral da Presidencia

- 1.1 13638 (12/PL-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida á secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia e aos membros do seu equipo que a acompañan, lémbrales os desenvolvementos da sesión que, consistirá nunha primeira intervención da comparecente por un tempo de entre 20 e 30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un e, para contestarlles, a secretaria xeral contará cun tempo de 10 minutos; finalmente, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un e a comparecente doutros 5 minutos para contestarlles e rematar a comparecencia.

Xa que logo, a presidenta concédelle a palabra á secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, Beatriz Cuiña Barja, quen procede á informar aos membros da Comisión sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 correspondentes á Presidencia da Xunta de Galicia e ás entidades instrumentais dependentes dela.

Na rolda dos grupos parlamentarios fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Iglesias Rey (S), o señor Pérez López (BNG) e o señor Pazos Couñago (P), que expoñen diferentes consideracións e preguntas sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a presidenta concédelle de novo a palabra á secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, Beatriz Cuiña Barja, quen contesta ás cuestións que se lle formularon.

A continuación, ábrese unha rolda de precisións para os grupos parlamentarios na que de novo interveñen: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Iglesias Rey (S), o señor Pérez López (BNG) e o señor Pazos Couñago (P).

Finalmente, interveñen de novo a secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, Beatriz Cuiña Borja, quen contesta ás cuestións expostas polos anteriores intervinientes e con cuxa intervención se pecha o debate e a comparecencia.

A presidenta, logo de reiterarlle o agradecemento á secretaria xeral e aos membros do seu equipo que a acompañan, pola súa colaboración coa Comisión, levanta a sesión e lémbrales aos membros da Comisión que continuarán mañán, venres, día 25 ás 10:00 horas, coa comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Suspéndese a sesión ás 17:50 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcripción literal da sesión.)

V. e pr.

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Julio García Comesaña
Secretario -en funcións- da Comisión